

## Consultas máis frecuentes sobre a aplicación da Lei 10/2017

### 1. Consulta sobre a organización dun festival ao aire libre:

*a) Para organizar un festival ao aire libre que precisa un escenario, carpa para os artistas e persoal colaborador e barra, hai que solicitar unha licenza?*

Resposta: Se o festival debe dispoñer de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable, sería necesaria unha licenza municipal conforme o artigo 41.d) da Lei do emprendemento.

Para estes efectos, requiren plan de autoprotección os espectáculos ao aire libre cunha capacidade igual ou superior a 20.000 persoas, os espectáculos en edificios pechados con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas e a instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade igual ou superior a 2.500 persoas (Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na CA de Galicia)

No suposto de que o festival non estea incluído no Decreto anterior e, polo tanto, non precise plan de autoprotección, aplicaríase o réxime de declaración responsable do artigo 40.c) da Lei do emprendemento.

*b) O festival organiza unha asociación cultural. É posible participar como persoal de apoio no desenvolvemento do festival sen ser membro da asociación?*

Resposta: O organizador do espectáculo é o que debe solicitar os permisos pertinentes no concello e responde de todo o persoal que participe no evento, sexa como persoal propio da asociación, contratado, voluntario, etcétera.

*c) É preciso contratar seguridade privada ou é suficiente a asistencia que nese concepto dispensa o concello a través da policía local ou do servizo de protección civil?*

Resposta: Segundo o artigo 15 da Lei de espectáculos, os organizadores de espectáculos públicos deberán dispoñer de persoal encargado da vixilancia e seguridade, ao cal se lle encomendarán a boa orde no desenvolvemento do espectáculo ou da actividade cando tal obriga veña establecida na lexislación vixente de seguridade privada.

Galicia non ten actualmente normativa ningunha que especifique o tipo de espectáculos que precisan seguridade privada, polo que habería que acudir a normativa estatal aplicable. Se resulta esixible un plan de autoprotección, será este o que indique a necesidade ou non de dispoñer de seguridade privada. No caso de que non exista obriga de dispoñer de seguridade privada, corresponderalle aos corpos e forzas de seguridade pública o mantemento da orde e da seguridade no desenvolvemento do espectáculo.

*d) O festival ten prevista zona de acampada. Son precisos outros requirimentos ou hai que consultar outra normativa?*

Resposta: Corresponde ao concello respectivo autorizar ou non a acampada, tendo en conta tanto a normativa autonómica como a propia normativa municipal que resulte aplicable.

## **2. Consulta sobre plans de autoprotección:**

*Aclaración sobre a definición de espazo pechado (en edificio pechado e instalación pechada desmontable ou de tempada) e ao aire libre. Caso: Concerto ao aire libre en campo de fútbol con peche e con instalación temporal de camión-escenario. O evento considerárase “ao aire libre” ou “instalación pechada de tempada”? É dicir, sería obrigatorio realizar*

*un plan de autoprotección a partir de 2.500 persoas (instalación pechada de tempada) ou a partir de 20.000 persoas (aire libre)?*

Resposta: Se o concerto se pretende celebrar nun campo de fútbol, debemos considerar que se trata dun edificio pechado que ten encaixe dentro das tipoloxías previstas no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto, na seguinte epígrafe: “[...] -2.3.1. Estadios deportivos: establecementos públicos fixos, con gradas para o público, non cubertos ou cubertos parcialmente que, debidamente autorizados, se destinan á práctica dun ou máis deportes.”

En consecuencia, non pode considerarse que o evento vaia ter lugar nunha “instalación pechada desmontable ou de tempada” nin tampouco “ao aire libre”, xa que un campo de fútbol non é nin unha cousa nin a outra, consonte a definición transcrita. En consecuencia —e de conformidade co disposto no Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia—, ao tratarse dun “edificio pechado”, se ten unha capacidade igual ou superior a 2.000 persoas ou unha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros, necesitaría un plan de autoprotección.

### **3. Consulta sobre o réxime transitorio das licenzas municipais, das autorizacións autonómicas e das comunicacións previas:**

*O día 29 de xuño de 2018 unha Asociación de Festexos dunha parroquia presenta unha solicitude para unha festa que se celebra en outubro, acompañada unicamente do seguro de responsabilidade civil. Que lei se debe aplicar tendo en conta a Disposición transitoria segunda da Lei 10/2017?*

Resposta: A Disposición transitoria segunda da Lei de espectáculos indica que as autorizacións e as licenzas outorgadas, así como as comunicacións previas presentadas en materia de establecementos abertos ao público, espectáculos públicos e actividades recreativas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 10/2017 ao abeiro do disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, manterán a súa eficacia.

Polo tanto, se a comunicación previa foi presentada o día 29 de xuño de 2018, aplícase a normativa vixente nese momento; é dicir, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, antes da modificación efectuada pola Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

#### **4. Consulta sobre a organización dun festival de música de grupos amateurs**

*Para organizar un festival de música de grupos amateurs, teñen que presentar a mesma documentación que se lles exige ás orquestras? Son grupos amateurs e moitos non cobran pola actuación, que a fan para promocionarse, xa que son grupos da zona. Que documentación se lles exixiría a estes grupos?*

Resposta: A Lei de espectáculos aplícase por igual a todo tipo de espectáculos, con independencia da súa finalidade lucrativa ou gratuíta e con independencia de que os artistas sexan da localidade ou do estranxeiro, profesionais ou amateurs. O público asistente debe ter garantidos os seus dereitos en materia de seguridade, tanto se se trata dunha verbena popular como dun concerto amateur ou dun macroconcerto.

A documentación a achegar será a que corresponda ao réxime de intervención administrativa que proceda, declaración responsable ou licenza. A única diferenza que marca a lei, vén establecida polo diferente réxime de intervención aplicable á actividade. Polo que se pode entender da consulta, trátase dun

festival organizado, polo que debe ser o organizador o que presente toda a documentación e o que achegue o seguro de responsabilidade civil. A excepción prevista na Disposición adicional cuarta da Lei do emprendemento, unicamente está prevista para festas e verbenas populares organizadas por comisións de festas ou asociacións de veciños, e non abranguería a este tipo de festivais. O organizador, neste caso, debe ir ao réxime xeral que establece a lei de emprendemento, nos seus artigos 40 e 41.

## **5. Consulta sobre espectáculos organizados polo concello**

*En que casos concretos o concello está obrigado a contratar un servizo de control de acceso con persoal habilitado e de vixilancia? Se hai un aforo estimado que obligue a iso, se esta valoración depende da decisión que tome unha Comisión ou que criterios utilizar para calcular o aforo en espazos públicos exteriores?*

Resposta: Non existe ningunha normativa específica para calcular o aforo dos espazos ao aire libre, ao contrario do que dispón o Código técnico da edificación (CTE) para espazos pechados (Documento básico de seguridade en caso de incendio).

Tampouco existe normativa que indique, con carácter xeral, que espectáculos ou establecementos deben dispoñer de seguridade privada ou servizo de control de acceso. O artigo 14 da Lei de espectáculos indica que, regulamentariamente, a Administración xeral da Comunidade Autónoma deberá determinar os establecementos abertos ao público, os espectáculos públicos e as actividades recreativas que deban ter servizo de control de acceso por persoal habilitado. En todo caso, e en tanto non teña lugar o desenvolvemento regulamentario, se o espectáculo precisa dun plan de autoprotección, será este o que deba especificar, por razóns de seguridade, a necesidade de contar con persoal de vixilancia e o número de efectivos que procedan.

Tamén existen establecementos e espectáculos concretos que, polas súas características, precisan dispoñer de controladores de acceso habilitados, como son os espectáculos taurinos en recintos pechados, as discotecas, salas de baile, salas de festa e establecementos de xogo.

## **6. Consulta sobre celebracións de vodas e outros eventos en establecementos públicos**

*a) Esta lei é aplicable ás celebracións, entendemos que de carácter privado, como poden ser vodas, comuñóns ou ceas?*

Resposta: A Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia é aplicable a todo tipo de espectáculos que se celebren en establecementos abertos ao público. O que determina o carácter privado ou público do espectáculo non é o feito de que se precise invitación para asistir, senón o concreto lugar onde se celebre. As vodas, comuñóns, festas de fin de ano, etcétera, sempre que se celebren en establecementos abertos ao público, segundo a definición da Lei de espectáculos (bares, restaurantes, salóns de banquetes, etcétera) son sempre espectáculos públicos e están sometidos a Lei 10/2017. Para tal efecto, na páxina web da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior está colgada toda a información.

*b) No restaurante que realiza vodas, se son os noivos os que contratan actuacións musicais, están obrigados a contratar o seguro de responsabilidade civil polo día en que se celebre o espectáculo? Pola contra, se é o propio restaurante quen contrata os músicos, ten que facer outro seguro a maiores pola organización do espectáculo?*

Resposta: O titular do establecemento é o responsable de todo o que teña lugar nel e debe estar amparado pola licenza municipal para a realización de calquera tipo de actividade no interior do local. Os noivos son clientes, non organizadores.

O titular do establecemento é o que debe contratar as actuacións dentro do seu local e, no caso de non estar amparadas pola licenza, debe solicitar a correspondente autorización pola actuación extraordinaria. No caso de que o seguro do propio establecemento cubra as actuacións musicais, non tería problema. Noutro caso, debería contratar un seguro específico que cubra a correspondente actuación.

*c) Por instalacións portátiles ou desmontables enténdese tamén os equipos musicais, como poden ser pianos, altosfalantes ou trípodas de luces?*

Resposta: A definición de instalacións portátiles ou desmontables ven recollida no artigo 3 da Lei 10/2017. Todo o que entre nesta definición terá a consideración de instalación portátil ou desmontable.

## **7. Consulta sobre festas e verbenas populares:**

*a) É necesaria unha resolución de autorización da alcaldía ou é suficiente coa declaración responsable do organizador da festa?*

Resposta: O réxime de declaración responsable habilita para o exercicio da actividade desde o momento mesmo da presentación da declaración, sempre que vaia acompañada da documentación exixida e non precisa resolución ningunha de autorización da alcaldía.

*b) É suficiente o compromiso de dispoñer do seguro sen determinar o importe no modelo de declaración responsable?*

Resposta: O compromiso do seguro é un documento independente da declaración responsable. Neste documento, o asinante debe comprometerse a dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra o evento e, así mesmo, debe indicar o importe do capital mínimo asegurado para que o

concello poida comprobar se cumpre o disposto na Disposición transitoria terceira da Lei de espectáculos.

*c) Pódese seguir pedindo que, coa declaración responsable, se achegue a documentación relativa ás orquestras e aos escenarios, ou esta xa non é necesario que a acheguen inicialmente?*

Resposta: A Disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, indica que a comisión de festas unicamente debe presentar a declaración responsable e o compromiso de contratación do seguro. No apartado 2 engade que se as actividades prevén a montaxe de instalacións suxeitas á declaración responsable ou a licenza, a documentación correspondente debe ser presentada pola persoa titular da instalación.

#### **8. Consulta sobre festas e verbenas populares:**

*a) No caso das orquestras, xunto coa declaración responsable, deben achegar a documentación que se indica no artigo 40.b) e no caso de traer estruturas desmontables, engadir o recollido no punto 7º deste mesmo artigo. Para o caso de orquestras pequenas que usan o propio camión de transporte como escenario ou que non empregan escenario, deberíamos pedir o que recolle o artigo 40.b) pero non no punto 7º cando sexan grupos pequenos ou dúos ou non sería necesario pedirlle todo iso?*

Resposta: A Lei de espectáculos non distingue entre grupos musicais de pequeno tamaño ou grandes orquestras. Concretamente, en canto aos escenarios móbiles sobre camións, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) ten colgada na súa páxina web un folleto informativo sobre a montaxe de escenarios e especificamente, neste caso, sinala o seguinte: "Os escenarios móbiles sobre tráiler de camión ou similar, deben vir acompañados dun manual de instrucións do fabricante, no que se indique a secuencia de



montaxe e desmontaxe, as revisións periódicas, que elementos de protección colectiva e individual se van empregar durante a montaxe e desmontaxe, e como acceder a cada unha das alturas onde se efectúan traballos. Da mesma forma debería terse en conta a resistencia que ofrecen ao vento, o peso transmitido ao terreo no que se apoian, etcétera, e emitir un certificado de que o escenario está montado de acordo co indicado polo seu fabricante, redactado por unha persoa cunha formación universitaria que a habilite para iso." Polo tanto, entendemos que o escenario debe cumprir a normativa de seguridade e achegar a mesma documentación, con independencia do tamaño da orquestra.

*b) Se debe ser o contratista da orquestra o que delimite o aforo do espazo, sendo campos da festa todos podemos consideralos como de aforo indeterminado ou debería o concello realizar unha valoración técnica do aforo?*

Resposta: Podemos entender que o campo das festas ten un aforo indeterminado. Se o concello considera que pode determinar o aforo concreto do campo da festa, debe facelo mediante un informe técnico xustificado e motivado. Noutro caso, pode dar por válida a apreciación da orquestra de que o campo da festa ten un aforo indeterminado.

*c) No caso do capital asegurado para espazos de aforo indeterminado e con obriga de declaración responsable, recóllese que debe ser como mínimo de 300.000 euros. Porén, noutro punto indica as cantidades por aforo, sendo a de 300.000 euros para un aforo de 100 persoas. No caso de que se nos indique na declaración que o aforo é indeterminado por ser un campo da festa, pero o concello teña a seguridade de que o campo supera ese aforo, podemos pedir que o capital asegurado sexa maior de 300.000 euros?*

Resposta: Evidentemente, se o concello pode xustificar, mediante un informe técnico, o concreto aforo do campo da festa, non só está habilitado senón que

está obrigado a exixir o seguro na contía establecida no apartado 1 da Disposición transitoria terceira para o aforo que teña determinado.

*d) No caso da documentación que se solicitará ás persoas que traían atraccións inclúense os inchables?*

Resposta: Os inchables son instalacións desmontables, polo que deben presentar a correspondente declaración responsable e achegar a documentación necesaria.

*e) No caso das carpas, se son de capacidade menor a 2.500 persoas, tamén lle debemos esixir seguro aínda que sexa instalada nunha propiedade privada?*

Resposta: As carpas son instalacións desmontables e deben presentar a correspondente declaración responsable e achegar a documentación necesaria, incluído, por suposto, o seguro de responsabilidade civil. A capacidade da carpa unicamente debe terse en conta para determinar se precisa plan de autoprotección e licenza.

*f) Só se emitirá licenza no caso de espectáculos públicos cando ese espectáculo requira plan de autoprotección ou algún plan sectorial?*

Resposta: De conformidade co disposto no artigo 41 da Lei do emprendemento só precisan licenza os espectáculos públicos e actividades recreativas que precisen plan de autoprotección ou un plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial aplicable.

## **9. Consulta sobre festas e verbenas populares:**

*Cando unha festa ou verbena popular é solicitada por unha persoa física (no concello non teñen nin asociación de veciños nin comisións de*

*festas constituídas), tramitaríase por declaración responsable ou por licenza? E no caso de asociacións culturais? Comunícaselle a algún organismo a declaración?*

Resposta: A Lei de espectáculos unicamente establece na Disposición adicional cuarta un tratamento especial para as festas e verbenas populares organizadas por asociacións de veciños ou comisións de festas. En todo caso, se a festa ou verbena popular é organizada por un único veciño, tamén podería considerarse como unha comisión de festas cun único membro. O que debe quedar claro é que o veciño non pode ser un profesional e que organiza o festexo a título particular. Neste caso, podería aplicarse tamén a Disposición adicional cuarta. Debe presentar a declaración responsable e o seguro de responsabilidade civil ao seu nome como particular.

No caso de asociacións culturais, sempre que se trate de festas e verbenas populares, estarían tamén incluídas na Disposición adicional cuarta.

Deben seguir comunicando a celebración á Administración do Estado, xa que non se modifica nada neste aspecto.

#### **10. Consulta sobre festas e verbenas populares:**

*a) No caso de que non haxa orquestras, nin carpas nin atraccións de feira, entendemos que basta con entregar unha declaración responsable e o seguro correspondente. Que faríamos se o importe do seguro non se corresponde coa capacidade do espazo sinalada na Disposición transitoria terceira?*

Resposta: O concello é o responsable de que o seguro cumpra os requisitos de capital mínimo asegurado previstos na Disposición transitoria terceira. No caso de que non se corresponda co previsto nesa disposición, a declaración responsable non sería válida e o evento non podería celebrarse.

*b) No caso de haber orquestras con montaxe de escenarios móbiles ou carpas, non sabemos se basta coa declaración responsable ou debemos conceder algún tipo de licenza. Neste caso precisaríamos saber cal é a documentación que deberíamos exixirlles e a quen se lle demandaría: á comisión ou ao responsable da orquestra?*

Resposta: No suposto de que existan instalacións que precisen montaxe, estarían suxeitas ao réxime de licenza ou declaración responsable, segundo necesiten ou non a presentación dun plan de autoprotección, respectivamente. Nestes casos, a documentación debe achegala o organizador do espectáculo, agás a excepción prevista na Disposición adicional cuarta da Lei de emprendemento, referida a festas e verbenas populares organizadas por comisións de festas ou asociacións de veciños. Nestes supostos, a documentación relativa ás instalacións que precisen montaxe debe ser presentada polo titular da referida instalación.

#### **11. Consulta sobre festas e verbenas populares:**

*a) Para as comisións de festas para verbena popular sería suficiente o modelo de declaración responsable que pon á nosa disposición a Xunta ou podería manterse a exixencia da licenza regulada en ordenanza municipal?*

Resposta: O concello non pode modificar mediante ordenanza municipal os supostos do réxime de intervención administrativa previsto na lei. Os supostos de licenza son unicamente os establecidos no artigo 41 da Lei do emprendemento e todo o resto de actividades e apertura de establecementos están sometidos a declaración responsable. En concreto, as festas e verbenas populares organizadas por comisións de festas e asociacións de veciños teñen un tratamento específico na Disposición adicional cuarta, de obrigado cumprimento.

*b) Para a orquestra, entendemos que si poderíamos esixir a documentación de solicitude de licenza, tal e como está regulada na nosa ordenanza, igual para atraccións de feira e para o titular da carpa declaración responsable, salvo que a capacidade sexa igual ou superior a 2.500 persoas, neste caso sería necesaria licenza e plan de autoprotección.*

Resposta: Con respecto ás orquestras e as atraccións de feira, trataríase de supostos de instalacións que precisan montaxe, polo que estarían sometidas ao réxime de licenza ou declaración responsable, no supostos de que exixan ou non plan de autoprotección, respectivamente e conforme o disposto no Decreto 171/2010, do 1 de outubro. Nos casos en que non se requira plan de autoprotección, o réxime a aplicar sería o xeral de declaración responsable.

A declaración responsable habilita ao interesado a realizar a actividade coa simple presentación da dita declaración, achegando os documentos exixidos no art. 40 da Lei de emprendemento e non precisa ningunha resolución ou autorización posterior do concello.

*c) Neste concello todos os anos no mes de setembro se celebra un festival que desenvolve diferentes actividades, non só actuacións musicais, hai venda de bebidas e postos de comidas e venda de diferentes produtos, exposicións, varias carpas, varios escenarios, instalacións desmontables para nenos, aseos desmontables, etcétera. Malia que é un espectáculo o aire libre, non supera as 20.000 persoas, ten un aforo de 10.000 persoas. A nova lei fala de capacidade igual ou superior a 20.000 persoas en espazos ao aire libre (sic), a dúbida é se interpretamos capacidade con aforo autorizado ou con capacidade real da parcela para asumir 20.000 persoas, para poder esixir ou non dito plan de autoprotección.*

*Hai carpas neste evento que xa teñen unha capacidade superior a 2.500 persoas.*

*Parece lóxico que este evento sexa sometido para todas as súas actividades a licenza, a dúbida e se ten que interpretarse así ou someter cada actividade do festival a licenza ou declaración responsable.*

Resposta: Trátase dun festival no que debe existir un único organizador, que é o que debe presentar toda a documentación exixida, os seguros correspondentes e o plan de autoprotección. Neste caso, non se aplica a Disposición adicional cuarta, polo que debe ser o promotor do evento o que presente a totalidade da documentación das instalacións que precisan montaxe e o plan de autoprotección do evento no seu conxunto, no caso de ser necesario.

*d) A Lei fala de capacidade igual ou superior a 20.000 persoas en espazos ao aire libre para esixir plan autoprotección (sic), a dúbida é se interpretamos capacidade con aforo autorizado ou con capacidade real da parcela para asumir 20.000 persoas, para poder esixir ou non dito plan de autoprotección. Parece que dá por feito que no festival é necesario dito plan.*

Resposta: O que entendemos —de conformidade co Decreto 171/2010— é que a capacidade calcúlase tendo en conta a previsión de asistentes ao espectáculo e non a capacidade real do recinto.

En canto á obriga de dispoñer de plan de autoprotección, só se necesitaría para aquelas instalacións, como a carpa, con capacidade superior a 2.500 persoas. En espazos ao aire libre, necesitaríanse 20.000 persoas. En todo caso, a Lei de espectáculos permite que os concellos poidan exixir maiores requisitos técnicos dos que establece a norma autonómica, regulándoo a través das súas ordenanzas. Se o concello considera que o festival presenta unha

especial situación de risco e necesita un plan de autoprotección, podería exililo se o especifica na súa ordenanza.

*e) No caso de verbenas e festas populares con orquestra, atraccións de feira, instalacións desmontables ... en relación ás pólizas de seguro a presentar. Entendemos que a comisión, cada titular de instalación desmontable, e a orquestra presentarían cada un a súa póliza?*

Resposta: A Disposición adicional cuarta resulta clara neste aspecto. A comisión de festas debe presentar o seu seguro de responsabilidade civil. O apartado 2 desa mesma Disposición engade que se as actividades prevén a montaxe de instalacións suxeitas a declaración responsable ou a licenza, deberán achegar a documentación necesaria en cada caso, incluído, por suposto, o seguro de responsabilidade civil correspondente a cada instalación.

*f) Vista a disposición transitoria terceira, apartado 3, a comisión tería que presentar póliza por contía mínima de 300.000,00€ de estar sometida a festa a declaración responsable.*

Resposta: A Disposición transitoria terceira fixa os capitais mínimos asegurados para cada póliza en función do aforo previsto para o espectáculo. O concello debe saber cal é o aforo previsto no concreto espectáculo e, en función diso, exixir a póliza que corresponda. A Disposición transitoria terceira establece que no caso de espectáculos en espazos abertos ao público non delimitados e de capacidade indeterminada, a contía mínima de capital asegurado será de 600.000 euros no caso de licenza e de 300.000 euros no de caso de declaración responsable.

*g) Os titulares de cada instalación presentarían póliza por 150.000€ (150.000€ orquestra, 150.000€ carpa, 150.000€ por cada atracción) ou entendemos que por estar ditas instalacións no campo da festa como espazo delimitado, fan unha única póliza de seguro conxunta con capital*

*mínimo asegurado por aforo do espazo delimitado nos termos do número 1. De ser así non sabemos cal sería o aforo de dito campo da festa.*

Resposta: O apartado 4 está previsto unicamente para as instalacións desmontables que se utilicen con ocasión de feiras e atraccións en espazos abertos ao público de capacidade indeterminada. Trátase de atraccións de feira, non de orquestras nin de carpas. Nestes casos, exixírase un capital mínimo asegurado de 150.000 euros por cada atracción. As orquestras e as carpas deben ir ao réxime previsto no apartado 3, se o aforo é indeterminado.

## **12. Consulta sobre festas e verbenas populares:**

*Que novidades introduce a Lei 10/2017 no que atinxe á celebración de espectáculos pirotécnicos?*

Resposta: A Lei 10/2017 engádelle á Lei do emprendemento unha Disposición adicional cuarta para regular o carácter especial das festas e verbenas populares organizadas por agrupacións e asociacións de veciños ou por comisións de festas. Estas asociacións deberán presentar no concello a correspondente declaración responsable e achegar o compromiso de contratación do seguro de responsabilidade civil.

En concreto, os espectáculos pirotécnicos precisarán a presentación da declaración responsable a que fai referencia o artigo 40 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xa que nesta materia a Lei 10/2017 non introduce ningunha modificación, agás a substitución do réxime de comunicación previa polo de declaración responsable. Isto sempre que os espectáculos pirotécnicos sexan competencia do concello, de conformidade coa súa normativa de aplicación (concretamente, os de menos de 10 kilogramos de materia regulamentada). Esta declaración responsable debe ser presentada polo profesional responsable do espectáculo pirotécnico.



Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que este tipo de actividades están sometidas a limitacións nos supostos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia que —no apartado trinta da súa Disposición derradeira primeira— modifica os puntos 1, 4 e 5 do artigo 37 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. En todos eses supostos, a utilización de fogos de artificio estará sometida á preceptiva licenza municipal, de conformidade co disposto no artigo 40.g) da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en consonancia co disposto nesta norma e atendendo a especial situación de risco alto. A licenza municipal incluírá as medidas de seguridade e prevención axeitadas.

#### Conclusións:

- Son competencia municipal os espectáculos pirotécnicos nos que se utilicen menos de 10 kilogramos de materia regulamentada. Noutro caso, a competencia sería estatal.
- O réxime de intervención administrativa será a declaración responsable ou a licenza, segundo se atope ou non nos supostos do artigo 37 da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais.
- A lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia non introduce ningunha novidade a respecto da documentación exixida, que debe ser a mesma que se estaba solicitando en anos anteriores.